

RESOLUCIÓN DE PRÓRROGA DO ORZAMENTO PARA 2011

De acordo co establecido no artigo 176 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, a non aprobación do orzamento anual da Universidade antes do día un de xaneiro do ano correspondente suporá a prórroga automática do orzamento do ano anterior.

Tendo en conta que non é posible aprobar o orzamento para o ano 2011 antes da data citada, esta reitoría RESOLVE:

1. Prórroga. Prorrógase o orzamento da Universidade de Santiago de Compostela do exercicio 2010 ata a aprobación do orzamento para o ano 2011.

2. Contía. A contía do orzamento prorrogado será de douscentos corenta e catro millóns seiscientos cincuenta e tres mil setecentos euros, distribuídos nos seguintes capítulos:

INGRESOS		244.653.700,00
Capítulo III.-	Prezos públicos e outros ingresos	43.543.000,00
Capítulo IV.-	Transferencias correntes	138.729.220,00
Capítulo V.-	Ingresos patrimoniais	750.000,00
Capítulo VII.-	Transferencias de capital	51.631.480,00
Capítulo IX.-	Variación de pasivos financeiros	10.000.000,00
GASTOS		244.653.700,00
Capítulo I.-	Gastos de persoal	153.749.730,00
Capítulo II.-	Gastos en bens correntes e servizos	30.280.140,00
Capítulo III.-	Gastos financeiros	650.000,00
Capítulo IV.-	Transferencias correntes	3.367.930,00
Capítulo VI.-	Investimentos reais	48.618.650,00
Capítulo IX.-	Variación de pasivos financeiros	7.987.250,00

3. Importe do crédito do orzamento prorrogado. O crédito inicial das partidas do orzamento prorrogado será igual ao crédito inicial que tiñan no orzamento de 2010 (páxinas 41 a 50 "edición impresa" / 34 a 43 "edición web").

4. Retencións de crédito. Con carácter xeral, a todas as partidas que figuran no orzamento inicial se lles aplicará unha retención de crédito do 75%, que se formalizará na contabilidade descentralizada (e-SICUS) mediante unha autorización de crédito. Os créditos iniciais dos centros docentes serán os que figuran repartidos no Anexo I dos Orzamentos 2010 (páxina 55 “edición impresa” / páxina 45 “edición web”).

Exceptuaranse destas retencións:

- a) As partidas dos capítulos I “Gastos de persoal”, III “Gastos financeiros” e IX “Variación de pasivos financeiros”
- b) Nas partidas que soportan compromisos de gasto con vixencia en 2011, deberase facer unha retención do 75% do crédito dispoñible restante de aplicar ao crédito inicial do exercicio 2011 os compromisos adquiridos. Esta retención poderá efectuarse nunha ou en varias partidas, en función dos vencellamentos dos créditos e do saldo dispoñible. É dicir, faranse as seguintes retencións:
 - a. Unha retención por cada compromiso de gasto
 - b. Unha ou varias retencións ata sumar o 75% do crédito inicial

5. Normas de execución. Como consecuencia da prórroga, seguen en vigor as normas de execución do orzamento para 2010 e as complementarias ditadas neste exercicio, en todo o non modificado pola presente resolución.

6. Créditos dos Departamentos. O crédito do que poderán dispoñer para comezar o exercicio será o 10% do remanente do exercicio 2010. Na contabilidade descentralizada (eSicus) formalizarase mediante a modificación “IR – Incorporación de remanentes”

7. Créditos derivados de financiamentos específicos (actividades de I+D+i, cursos de posgrao propio, etc)

O crédito do que poderán dispoñer será o resultante da suma do remanente do exercicio 2010 e a anualidade concedida para o ano 2011. Formalizaranse na contabilidade descentralizada mediante as figuras de “IR – Incorporación de remanentes”, e “TP – Transferencia de crédito”, respectivamente.

8. Apertura do exercicio 2011 e contabilización de gastos

O exercicio económico 2011 abrirase en canto sexa tecnicamente posible, e desde ese momento poderanse facer as operacións contables necesarias.

Como excepción, non se poderán introducir facturas con IVE ata que se determine a porcentaxe de prorrata aplicable, previsiblemente nos primeiros días de febreiro.

9. Disposicións adicionais. Son de aplicación as disposicións adicionais contidas nas Normas de execución dos orzamentos 2010 que prevén:

Ditar as instrucións que sexan precisas por parte da Xerencia para a adaptación e desenvolvemento das Normas de execución, e tamén de aplicación da presente resolución.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2010
O REITOR,



Juan José Casares Long



Sres/as Vicerreitores/as; Sr. Xerente; Sres/as Directores de Centros, Departamentos, Institutos Universitarios e Servizos; Sres/as Responsables de Asuntos Económicos